

Yolanda Prezado Alonso

Investigadora Oportunius adscrita ao CiMUS na Universidade de Santiago de Compostela.

Yolanda Prezado Alonso, (Verín, 1977) seguiu unha carreira multidisciplinar formándose e traballando no campo da física médica e da radiobioloxía. Tras realizar a súa tese doutoral no Instituto de Estrutura da Materia do CSIC (Madrid) e defendela na Universidade de Santiago de Compostela en 2003, pasou as probas RFIR para formarse como Físico Médico no Hospital de Salamanca (2004-2007) e posteriormente traballou como experta en Física Médica no Hospital de Pamplona.

En 2007 foi contratada como responsable científica adxunta e física médica na Biomedical Beamline da European Synchrotron Radiation Facility (Grenoble, Francia). Alí traballou no desenvolvemento de técnicas innovadoras de radioterapia. Máis tarde, en 2011, obtivo un posto permanente como científica titular no Centro Nacional para a Investigación Científica de Francia (CNRS), senda nomeada directora de investigación en 2019. Cabe destacar que en 2014, a investigadora fundou o seu equipo, chamado New Approaches in Radiotherapy, e cinco anos despois, tras unha competición internacional, converteuse en responsable do grupo en radiobioloxía traslacional do Instituto Curie (Francia). Ademais, é autora de máis dun centenar de publicacións e é recoñecida como líder mundial en técnicas innovadoras de radioterapia.

Nos últimos anos, foi presidenta do comité científico da Federación Europea de Físicos Médicos (que integra a máis de 8000 físicos médicos en Europa e participou en diferentes grupos de traballo internacionais no campo da radiofísica. Tamén foi convidada regularmente a formar parte de prestixiosos paneis de avaliación, como os organizados pola Research Foundation Flanders (FWO), o organismo francés HCÉRES (Haut Conseil de l'évaluation de la recherche et de l'enseignement supérieur) ou o European Research Council, entre outros. Prezado, que foi galardoada pola Academia Francesa de Ciencias polo seu traballo no campo da protonterapia en 2021, foi elixida presidenta do Congreso Europeo de Física Médica de 2024.

En 2018, obtivo unha **ERC Consolidator Grant** cun financiamento de case 2M€ co proxecto PROTONMBRT. Esta investigación desenvolve unha técnica de radioterapia, chamada radioterapia de protóns con minifeixes, que reduce significativamente os efectos nocivos sobre os tecidos sáns. Para continuar con este proxecto, Prezado lidera o novo grupo de investigación New Approaches in Radiotherapy no Centro Singular de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas (CiMUS) a Universidade de Santiago de Compostela, como investigadora distinguida Oportunius desde 2024.